

## Obradoiro artístico-ecolóxico con Capicúa

# REINVENTAR O MUNDO

24/11 - 24/11

Biblioteca Pública de Ourense  
Ourense

Trala crise provocada pola pandemia da COVID19 somos plenamente conscientes da necesidade de mudar a nosa maneira de estar no planeta. Coa finalidade de darlle voz aos máis pequenos e pequenas nace este proxecto que empezaremos co conto “O coronaconto” para establecer un diálogo sobre o que foi a pandemia, como o viviron, que sentiron, que cousas fixeron. Falaremos do antes e do despois, como era o mundo antes da pandemia e como está sendo agora, que cousas mudaron, que cousas cambiaron para mellor e que cousas para peor. A continuación, os nenos e as nenas collerán dun caixón materiais de refugallo: paus, pedras, papeis reciclados, cartóns, plásticos, luvas, máscaras (previamente desinfectados) para facer unha composición plástica, un debuxo, colaxe...acompañado dunha reflexión escrita das nenas e nenos maiores, que resuma a súa mensaxe para o noso planeta, as súas reflexións e propostas para facermos, entre todos e todas, un mundo mellor. Con todas estas propostas de textos e imaxes deste e doutros obradoiros farase o libro-album: Reinventar o mundo. Faranse dous pases da actividade: -Para nenos e nenas de entre 4 a 6 anos ás 17:30 h -Para nenos e nenas de 7 a 10 anos ás 19.00h. cunha limitación de aforo máximo para asistir a ela precísase facer inscrición previa chamando aos teléfonos 988 788385 e 988788386 dende o venres anterior a actividade. Debido ás condicións especiais xeradas polo COVID 19, esta actividade cumprirá coa normativa vixente no momento da súa realización. Tomaranse as medidas necesarias para el desenvolvemento dunha actividade segura e sin riscos, no marco da biblioteca. Protocolo COVID-19: Uso obrigatorio da máscara Aplicación de xel hidroalcohólico ao entrar Respetar a colocación dos postos Atender en todo momento as indicacións do persoal



Obradoiro

Público infantil

Inscripción previa Entrada de  
balde

---

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/axenda/reinventar-o-mundo>